



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A PAVIMENTACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, PO-400, E A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL ENTRE O NÚCLEO URBANO DE SALVATERRA E O NÚCLEO POBOACIONAL DAS ZACOTEIRAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Salvaterra de Miño para a pavimentación da rúa Rosalía de Castro, PO-400 e a construción dunha senda peonil entre o núcleo urbano de Salvaterra e o núcleo poboacional das Zacoteiras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar o Concello de Salvaterra de Miño consiste





basicamente na pavimentación da rúa Rosalía de Castro e a construción dunha senda peonil segura que una o núcleo urbano de Salvaterra e o núcleo poboacional de Zacoteiras, ao longo das estradas autonómicas PO-400 pq 1+120 -2+380 e PO-402 entre os pq 0+000 -0+140. Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Salvaterra de Miño ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 12 de marzo de 2019

